

Martes, 30 de xaneiro de 2024

Núm. 21

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

ROSAL, O

Recadación*EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRÓN SAF-
PRESTACIÓN BÁSICA DO MES DE DECEMBRO DE 2023**ANUNCIO**EXPOSICIÓN PÚBLICA E PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA DO PADRON RELATIVO Á
TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), MODALIDADE LIBRE
CONCORRENCIA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2023.*

A Alcaldía, mediante Resolución núm 2024-0029, de 19 de xaneiro de 2024, aprobou o padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência correspondente ao mes de decembro de 2023.

O padrón fiscal permanecerá exposto ao público no departamento de tesourería municipal durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar exclusivamente os rexistros relativos á súa débeda e presentar as reclamacións e recursos que estimen pertinentes.

O período voluntario de cobranza será do 20 de xaneiro ao 20 de marzo de 2024, ámbolos dous incluídos, e a data de cargo en conta dos recibos domiciliados será o 31 de xaneiro de 2024.

O transcurso do período voluntario de ingreso sen que éste se produza, determinará o inicio do procedemento executivo, con devengo e esixencia dos recargos, xuros e demais conceptos esixibles, de acordo co disposto nos artigos 160 e 161 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nos artigos 69 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Esta Resolución notifícase colectivamente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e produce os efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e de anuncio de cobranza, segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a éste, os contribuíntes, e en xeral os interesados, poderán interpor os seguintes recursos, de acordo co estipulado no artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais:



Martes, 30 de xaneiro de 2024

Núm. 21

Recurso de Reposición, perante á Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

Recurso Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición se non o fose.

Calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

O ROSAL, 23 de xaneiro de 2024

A alcaldesa,

Ánxela Fernández Callís

